

A Consellería de Innovación, Industria e Comercio e a de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais colaboran coa Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados (UDP) de A Coruña, o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e Telefónica S.A. no desenvolvemento dun proxecto de atención a distancia a maiores, mediante un convenio que se firmará mañá, día 24.

UN CENTRO DE A CORUÑA PON EN MARCHA UN PROXECTO DE ATENCIÓN 24 HORAS A MAIORES A TRAVÉS DE INTERNET

A Coruña, 23 de outubro.- Brindarlles ás persoas maiores a posibilidade de permanecer no seu propio domicilio e estar atendidas as 24 horas do día é o obxectivo de “Telexerontoloxía”, un proxecto que persigue que os maiores poidan manter un contacto permanente cos centros asistenciais a través do seu aparato de televisión, que estará conectado á Internet e poderá ser manexado mediante o mando a distancia.

“Telexerontoloxía”, que se iniciará experimentalmente no Centro Xerontolóxico de Estancias Diurnas “La Milagrosa”, e será xestionado pola Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados de A Coruña (UDP), desenvolverase a través dun convenio que se firmará mañá.

Este programa, que pretende mellorar a calidade de vida das persoas maiores e manter ou incrementar os servizos asistenciais sen que os custos económicos se disparen, proporciñalles aos seus usuarios atención a distancia as 24 horas, mediante unha serie de recursos informáticos de manexo sinxelo.

ASISTENCIA A MAIORES A TRAVÉS DA TELEVISIÓN

Os usuarios de “Telexerontoloxía” poderán acceder, dende a súa televisión e utilizando o mando a distancia, aos servizos que se lles ofrecen, e que inclúen consultas con xerontólogos profesionais, telerehabilitación e aspectos referidos á divulgación xeral.

Os maiores que participen neste proxecto poderán ademais ser avaliados periódicamente dende a central, a través do aparato de televisión conectado a unha cámara web e, cando se considere necesario, utilizarase unha serie de periféricos para monitorizar as súas constantes vitais, o pulso

e a tensión, e determinados parámetros bioquímicos, coma o nivel de sucre no sangue.

Facer electrocardiogramas e medir a capacidade respiratoria son outras das probas contempladas por este programa, que nun futuro poderá incorporar tecnoloxías como a videovixiancia, os detectores de movemento ou a videoconferencia. Así, “Telexerontoloxía” mellora substancialmente os xa tradicionais servicios de teleasistencia.

O centro xerontolóxico “La Milagrosa” foi escollido para o desenvolvemento deste proxecto gracias ás súas infraestructuras, que inclúen modernos medios no campo das novas tecnoloxías aplicadas a solventar as carencias das persoas maiores.

Ademais, “La Milagrosa” ten colaborado xa co CESGA en programas deste tipo. Este foi o caso do proxecto “Agorasénior”, que perseguía definir o deseño dun portal web dirixido íntegramente a persoas maiores, ou o proxecto “Software Senior”, que analiza o software para facilitar a accesibilidade á informática dos maiores con algún tipo de discapacidade.

Para facer posible a realización deste proxecto fíxose necesaria a participación das Consellerías de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e de Innovación, Industria e Comercio, ademais da Compañía Telefónica S.A. e do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA). Este último actuará como asesor debido ao seu coñecemento da innovación tecnolóxica, xa que para o correcto funcionamento do programa son imprescindibles unha serie de recursos informáticos e de comunicacións.